

INSTRUCCIÓN PROCESO DE ADMISIÓN E MATRÍCULA

SÓ APLICABLE A PERSOAS QUE SOLICITAN COMEZAR UN CICLO FORMATIVO NA MODALIDADE DUAL

1.- PROCESO DE ADMISIÓN TELEMÁTICA

PRAZO:

Do venres 23 de xuño ás 9:00h deica o mércores 5 de xullo ás 13:00h

REQUISITOS IMPRESCINDIBLES:

1. Cumprir os requisitos de acceso.
2. Dispoñer da seguinte **documentación en soporte electrónico**, para achegala ao cubrir a solicitude:
 - Fotocopia do DNI.
 - Currículo co formato Europass, que se pode elaborar en: <https://europa.eu/europass/es/create-europass-cv>
 - Certificación académica dos requisitos de acceso (**Só para alumnado procedente de fóra de Galicia, ou cando a aplicación o solicite**).
3. Cubrir a solicitude co asistente informático en: <https://www.edu.xunta.gal/ciclosadmision/> e:
 - a. A aplicación pode solicitar que se cargue documentación.
 - b. Unha vez rematada a solicitude, no caso de que esta indique **“a solicitude non terá validez se non está datada e validada por un centro de Galicia con oferta de FP ...”**, será obrigatorio entregala nun centro con oferta de FP.
 - c. Gardar sempre a solicitude a modo de resguardo, pois se precisará para a matrícula.
4. O xoves 6 de xullo publicarase a listaxe provisional de solicitudes. No caso de ter que reclamar, o prazo comeza ás 9:00 do mesmo día 6 ata o luns 10 de xullo ata ás 13:00h. O martes 11 de xullo publicarase a listaxe definitiva.

SELECCIÓN DO ALUMNADO POR PARTE DA EMPRESA COLABORADORA

1. Da listaxe definitiva, a entidade colaboradora (Empresa) seleccionará entre o martes 11 de xullo e o venres 14 de xullo ás 12:00h, ao alumnado admitido e en espera.
2. A relación de persoas admitidas e en espera o publicarase o luns 17 de xullo.
3. No caso de ser seleccionados pasamos ao punto 2: PROCESO DE MATRICULACIÓN

INSTRUCCIÓN PROCESO DE ADMISIÓN E MATRÍCULA

2.- PROCESO DE MATRICULACIÓN

PRAZO:

Do martes 18 de xullo ás 9:00h deica o mércores 26 de xullo ás 13:00h

REQUISITOS IMPRESCINDIBLES:

1. A persoas admitidas nun proxecto de FP Dual deben de matricularse no centro educativo no que teñan a praza adxudicada.
2. Entregar fotocopia do DOI (DNI, NIE ou pasaporte) na oficina do centro.
3. Entregar xustificante de pagamento do seguro escolar (só menores de 28 anos) **a nome do alumno/a** na oficina do centro. O importe é 1,12€ para ingresar en:

ES39 2080 0234 4130 4000 3005

MOI IMPORTANTE

- **SÓ SE PODE CUBRIR UNHA SOLICITUDE PARA UN ÚNICO CICLO DE FP DUAL**
- **AS PERSOAS SELECCIONADAS PARA A MODALIDADE DE FP DUAL, QUEDAN EXCLUÍDAS DO PROCESO DE ADMISIÓN A CALQUERA OUTRO CICLO OU CURSO DE ESPECIALIZACIÓN**
- **NO CASO DE NON SEREN SELECCIONADOS EN FP DUAL PODERÁN CONTINUAR NO PROCESO DE ADMISIÓN XERAL A CICLOS FORMATIVOS E CURSOS DE ESPECIALIZACIÓN**